



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

Dirección Xeral de Familia, Infancia
e Dinamización Demográfica

Edificio Administrativo de San Caetano
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 544 655 Fax: 981 544 634



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA POLÍTICA SOCIAL E A ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS PARA A COLABORACIÓN NA XESTIÓN DO PROGRAMA DO CARNÉ FAMILIAR GALEGO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, **DECLARA:**

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa Asociación Galega de Familias Numerosas (AGAFAN) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a consellería de Política Social e a Asociación Galega de Familias Numerosas para a colaboración na xestión do programa do carné familiar como recurso que beneficia as familias numerosas, que consistirá resumidamente na captación de novas entidades colaboradoras co mencionado programa e na actualización da guía de entidades colaboradoras.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, considera conveniente a sinatura dun convenio de colaboración para a cooperación na xestión do programa carné familiar galego. O carácter singular deste instrumento, sen convocatoria pública, xustifícase na exclusión da concorrência pois AGAFAN é a única asociación de familias numerosas que existe a nivel autonómico e, polo tanto, a única que ten como obxectivo protexer e favorecer as familias numerosas, o que fai que non sexa posible promover a concorrência pública de cara á concesión dunha subvención para tal fin.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

Dirección Xeral de Familia, Infancia
e Dinamización Demográfica

Edificio Administrativo de San Caetano
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 544 655 Fax: 981 544 634



A Asociación Galega de Familias Numerosas conta entre os seus obxectivos a cooperación na defensa, mellora e perfeccionamento dos dereitos outorgados ás familias numerosas na lexislación vixente e o asesoramento e información aos asociados acerca dos seus dereitos e prestacións. A experiencia continuada durante anos conseguindo beneficios e descontos de iniciativas privadas para os seus asociados debido a súa condición de familias numerosas e o seu elevado coñecemento da problemática destas supoñen que non se atope ningunha outra asociación que poida cumprir os obxectivos do convenio de xeito tan axeitado e eficiente.

O artigo 31.2 -en relación co artigo 55- da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia habilita, por razóns de interese público e debidamente xustificadas, a subscripción de convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarios, non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública, como sucede neste caso.

A sinatura deste convenio non require de autorización previa do Consello da Xunta.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 16 de marzo de 2018

